



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 13 DE FEBREIRO DE 2015

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 13 horas do día 13 DE febreiro de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Xulio Cribeiro Garcia, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Roberto Bouza Sedes.
- D. M^a Luz Lopez Lopez
- D. M^o Pilar Carballal Pita
- D. Beatriz Bascoy Maceiras
- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Non asisten sen presentar escusa:

- D. Jorge Juan Brañas Castro

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

1.- SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE PARTICIPACION NO PLAN DE AFORRO DE INVESTIMENTO - PAI 2015-” DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA

Sometese a consideración da Corporación a proposta da alcaldía que se transcribe:

“Vistas as bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, da Excma. Deputación Provincial da Coruña, así como a circular dese organismo provincial no que se comunica que a achega provincial correspondente a este concello de Moeche ascende a cantidade de 130.065,57 €, pola presente propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



1º) Participar no “ Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA	PROVINCIAL
BBVA (BCL)	95/45841042		124.709,00
Abanca	0210-12.387-1		5.356,57
TOTAL			130.065,57

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	130.065,57
B) Investimentos financeiramente sostibles	0,00
TOTAL	130.065,57

2º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.”

Aberto o debate, prodúcense as seguintes intervencións:

- **Sra. Bascoy Maceiras.-** Evidentemente as débedas hai que pagalas, e a pesar deste plan vai a seguir debéndose os bancos uns 8.000 €. O Sr. Alcalde xustificaba o endebedamento dicindo que o concello se fixo cun patrimonio que antes non tiña, non e certo, estes créditos son a consecuencia dunha mala xestión, solicitáronse para pagar as expropiacións dos terreos da Casa do Concello, que tal e como dicía o sr. alcalde “nos dabamos 100 e eles pedían 2.000” pois o final houbo que pagar 3.000 iso sen contar os intereses que foron moi altos, e unha situación que seguimos arrastrando ata hoxe, que





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

temos que aplicar os fondos deste plan a pagar as débedas en lugar de facer investimentos, e certo que temos Casa do concello, pero todos os concellos a teñen e algúns, como o de Cerdido, non teñen débeda, por outra parte dicir que non e unha subvención, e outro préstamo, sen intereses, pero seguimos tendo a débeda e temos que pagala en 10 anos.

- **Sr. Cribeiro Garcia.** Que o concello ten un patrimonio que antes non tiña e constatable, ten a casa do concello e uns terreos que antes non tiña e que a día de hoxe teñen un valor. Hai que felicitar a Deputación Provincial e especialmente o seu presidente o Sr. Diego Calvo por facer este tipo de planes, con este plan o concello vai a aforrar entre 27.000 e 30.000 € de intereses que non se van a ter que pagar os bancos, e, si no futuro o pobo nos da a súa confianza, eses cartos reverteran en investimentos para os veciños Os créditos que se pediron teñen unhas consecuencias asumibles o concello aínda non deu quebra a pesares das voces interesadas que dicían que estabamos arruinados. Ao mellor algún concello que di que non ten débedas ten que pagar 1,5 millóns de euros por culpa da súa mala xestión.
- **Sra. Bascoy Maceiras.** - O Sr. Alcalde podería aproveitar a amizade que ten co sr. Diego Calvo para dicirlle que volva os criterios que tiñan antes para o financiamento dos plans, e que non prime tanto a poboación porque se prexudica claramente o concellos pequenos beneficiando os grandes como Coruña ou Ferrol. E certo que temos a casa do concello e os terreos pero a un prezo desorbitado, houbo que pagalos moi caro e iso sae do peto de todos os veciños.
- **Sr. Cribeiro Garcia.** - Non sae so de ahi, sae tamén de decisións que se tomaron neste Concello, ata que eu estiven a operación foi moi beneficiosa para o concello, naquel momento negociouse a merca dos terreos e algún dos expropiados ata veu a darme as gracias polo feito.
- **Sr. Gonzalez Aneiros.** - Estaba mellor o concello vello e que non se fixese nada, supoño que o farian da millor maneira posible.
- **Sra. Bascoy Maceiras.** - Eu nunca dixen que non houbera que facer o concello novo, o que dixen e que non a ese prezo

Concluído o debate sometese a votación a proposta presentada, que resultou aprobada por SEIS (6) votos a favor e DUAS (2) abstencions do Sr/a Bascoy Maceiras e Brañas Castro E, non habendo máis asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 13 horas e 15 minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
O ALCALDE

Asdo. Xulio Cribeiro Garcia

A SECRETARIA



